

## **Axudas para a mellora da imaxe, acondicionamento e modernización dos establecementos comerciais detallistas.**

### **1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA**

Subvencións para a mellora da imaxe, acondicionamento e modernización dos establecementos comerciais detallistas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017

### **2. FINALIDADE / OBXECTIVO**

Estas axudas teñen por obxectivo a concesión de subvencións para a mellora da imaxe, acondicionamento e modernización de establecementos comerciais detallistas galegos.

### **3. TIPOS DE APOIO**

Subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia competitiva suxeitas ao réxime de mínimos

### **4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS**

Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituída que cumpran os seguintes requisitos:

#### **Comerciantes Detallistas:**

- Que desenvolvan a súa actividade comercial, e teñan o domicilio social e fiscal en Galicia
- Que tendo a condición de peme, empreguen menos de dez traballadores e non teñan a consideración de gran establecemento comercial
- Que estén dados de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e que esta constitúa a actividade principal do solicitante
- Que desenvolvan a súa actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venta ao público igual ou inferior a 150 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre no epígrafe 653.1 do IAE (construcción)

#### **NON PODERÁN SOLICITAR AS EMPRESAS EN CRISE**

### **5. SECTORES INCENTIVABLES**

Sector comercio detallista

### **6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO**

As actuacións subvencionables teñen que ser realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de xaneiro do 2017 ata a data límite de xustificación o 30 de outubro de 2017

### **7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO**

Para as actuacións subvencionadas contempladas no artigo 1.3.1, deberá presentarse un proxecto técnico de decoración e interiorismo asinado por un profesional de decoración, interiorismo ou arquitectura, e o deseño gráfico do resultado final que se pretende obter con ditas actuacións

## **8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES**

### **a) Proxectos de modernización integral do local comercial incluídos nun proxecto técnico de decoración e interiorismo, que poden incluír as seguintes actuacións:**

- Obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda do local comercial
- A adquisición de moblaxe destinada á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda
- As actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e a instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares

### **b) proxectos de renovación e mellora da imaxe comercial, sempre que impliquen unha renovación clara e directa da imaxe do establecemento comercial**

- As obras de reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda do local comercial
- A adquisición de moblaxe destinada á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de uso exclusivo na superficie de exposición e venda
- Actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e a instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares

### **c) Servizos dun xestor de redes sociais**

- A axuda consistirá nun ticket para a xestión de redes sociais, no marco do programa social commerce que se vai desenvolver en colaboración coa federación galega de comercio durante o ano 2017

#### **Non se consideran subvencionables:**

- As obras ou actuacións en probadores, cuartos de baño, oficinas, almacéns, e outras dependencias non afectas ao uso da actividade de exposición e venda
- Permisos, licenzas ou cotas de colexios oficiais ou calquera outro tributo ou imposto
- Instalación de sistemas de alarma, seguridade ou similares
- A adquisición de materiais ou outros elementos para a realización das obras por parte do propio solicitante
- A adquisición de bens usados, de moblaxe e artigos de exposición e proba, susceptibles da venda posterior ao público e de expositores de carácter temporal ou de uso exclusivo en campañas promocionais
- A adquisición de televisores e reprodutores de son ou imaxe
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda

#### **9. CONTÍA DAS AXUDAS**

a) Proxectos de modernización integral do local comercial incluídos nun proxecto técnico de decoración e interiorismo, que poden incluír as seguintes actuacións:

- Para o conxunto de actuacións relacionadas neste apartado: o investimento máximo subvencionable será de **30.000 euros (ive excluído) e o investimento mínimo de 15.000 euros (ive excluído) e a porcentaxe de subvención será do 50% do investimento máximo subvencionable**. O investimento máximo subvencionable ampliarase ata 2.000 euros para atender os custos polos servizos profesionais de elaboración e redacción do proxecto técnico de interiorismo e decoración, sempre que este non supere o 10% do investimento máximo total solicitado.

b) Proxectos de renovación e mellora da imaxe comercial, sempre que impliquen unha renovación clara e directa da imaxe do establecemento comercial

- Para as actuacións de obras de reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda do local comercial: **o investimento máximo subvencionable específico será de 60euros (ive excluído) por metro cadrado da superficie de exposición e venda do local comercial**.
- Para o conxunto de actuacións deste apartado b (incluídas as obras de reforma e acondicionamento do local, e tamén a adquisición de moblaxe e equipamento así como as accións de mellora da fachada exterior de instalación de rótulos, carteis etc) o investimento máximo xeneral para o conxunto de actuacións realizadas dentro deste apartado, será de 9000 euros ive excluído, o investimento mínimo subvencionable será de 1.500 euros (ive excluído) no caso de comercios cunha superficie de exposición e venda ao público inferior a 50 metros cadrados e de 3000 para comercios cunha superficie de exposición e venda ao público igual ou superior a 50 metros cadrados.

## 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Plazo de presentación de solicitudes remata** no prazo dun mes dende a publicación desta orde. Si o último día do prazo fose inhábil, entendese prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Polo tanto o prazo remata **o lunes 17 de xullo do 2017**

As solicitudes presentaranse preferiblemente vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude (anexo iv) dispoñible na sede electrónica da xunta de galicia <https://sede.xunta.gal> acompañando a documentación pertinente.

**A presentación electrónica das solicitudes será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores. As persoas físicas (autónomos), poderán optar pola presentación electrónica preferiblemente, ou tamén pola presentación presencial en calquera dos rexistros establecidos.**

As notificacións realizaranse vía electrónica

## 11. INCOMPATIBILIDADES

En ningún caso o importe da subvención regulada nesta orde poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes

públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes, para os mesmos conceptos subvencionables.

## 12. OBSERVACIÓNS

**O prazo de xustificación será o 30 de outubro do 2017**

## 13. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade
- Xustificar o cumprimento de requisitos e condicións da orde
- someterse as actuacións de control
- comunicar a obtención doutras axudas
- acreditar esta ao día nas obrigas tributarias e ante a seguridade social
- Manter os investimentos tres anos
- Dispoñer dos libros contables auditados segundo a lei
- Conservar os documentos xustificativos de aplicación de fondos
- Empregar adhesivos ou distintivos similares coa lenda "proxecto cofinanciado" acompañada do escudo normalizado da xunta de galicia segundo o modelo e instrucións elaboradas pola dirección xeral de comercio e consumo publicado na páxina web <http://www.portaldocomerciante.gal/>.

## 14. REFERENCIA LEGISLATIVA

**Orde do 1 de xuño do 2017 (dog 15 xuño 2017)**

Para unha maior información pode contactar coa oficina do CCA Ourense centro ou tamén están dispoñibles os seguintes teléfonos: **981 54 55 25; 981 54 55 07** así como o enderezo de correo electrónico: [cei.dxc.axudas@xunta.es](mailto:cei.dxc.axudas@xunta.es)/ e a páxina web: <http://economiaeindustria.xunta.es>